

# Ed 2009 Nominados Carballés do ano

## A. C. Telón e Aparte

Pola creación, mantemento e organización do Festival Internacional Outono de Teatro, a día de hoxe, un dos eventos teatrais máis importantes de Galicia

## Bombeiros Voluntarios de Carballo

Agrupación xa galardoada como Carballés do ano, cumpren 40 anos de vida dedicados ao voluntariado en Carballo. Recibiu o galardón de Bergantiñán no ano en 1992

## Fernando Cabeza Quiles,

Natural de Ponferrada, leva afincado como mestre desde 1988. É licenciado ademais en filoloxía hispánica. Ten publicados numerosos libros sobre toponimia, editándose o primeiro en 1992. Os nomes de lugar, é unha auténtica referencia no sector. Posteriormente, virían sete máis.

## Escola Lubiáns de Hockey

Pola súa destacada labor na promoción do deporte do hockey a patíns no Concello de Carballo, así como pola súa traxectoria nas diferentes competicións por equipos e categorías, levando o nome de Carballo por diversos puntos da xeografía nacional.

## Xan Fraga Rodríguez,

Profesor, historiador, cronista da historia de Carballo, escrito de "Crónicas de Carballo", en definitiva, pola súa labor de contribución a recuperación da memoria histórica do Concello. Recibiu o galardón de carballés no ano en 1997

## Rober Bodegas

Monologista e contacontos, e tamén escritor, é un dos referentes actuais neste tipo de espectáculos, tanto en Galicia coma no resto do estado.

## S.C.R. de Bergantiños (Casino de Carballo)

Asociación decana da comarca de Bergantiños, fundado en 1.924. Centro de encontro de actividades festivas, culturais e recreativas. Hoxe en día está realizando periodicamente charlas sobre temas de actualidade. Hai que resaltar que sempre colaborou e presta as súas instalacións a todos aqueles colectivos que o precisaron

## María Tasende Cotelo

Xoven actriz carballesa, pero xa cunha ampla experiencia no mundo do teatro, do cine e da televisión. Está acadando un grande éxito no seu papel de avogada na serie de TVG Matalobos.

## José Luis Vara

(A título póstumo). Non sendo carballés de nacemento, a súa estreita vinculación con Carballo, desde a súa faceta de impulsor na creación das Escolas de Fútbol Luis Calvo Sanz.

# Ed 2009 Nominados Bergantiñán do ano

## Manuel Añón,

Xoven xinete larachés. Xa é unha figura consolidada no mundo da hípica. Saltador de élite, é unha clara aposta para a hípica española

## Xosé Ramón Freixeiro Mato,

Nacido en Cances, é autor da Gramática de Lingua Galega,. Este doutor en Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de A Coruña, profesor de Filoloxía Galega e director do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña, gañou a XX edición do premio literario Ánxel Fole 2006,e ten publicado diversos libros e traballos. Foi un dos artífices da normalización do galego.

## Luciano García Alén,

Médico e etnógrafo, presidente e fundador do clube Alén Nós, así como Patrón fundador do Museo de Pobo Galego. É unha das persoas que ao longo da súa vida máis loitou pola conservación e divulgación da cultura galega, e en canto a Bergantiños, da oleiría de Buño, doando a súa colección persoal de cerámica ao Centro Comarcal ubicado no pobo oleiro.

## Grupo Campo

Pola súa labor empresarial e emprendedora desenvolvida durante tantos anos na Comarca de Bergantiños

## José Antonio Pet Posse,

Escritor pontecesán afincado en Barcelona, pero sempre vinculado á súa localidade natal. Finalista do premio Plante, acaba de publicar a súa primeira novela longa escrita en galego, titulada "O Náufrago"

## Regueifeiros de Bergantiños

A tódolos regueifeiros da Comarca de Bergantiños, pola súa contribución ó mantemento e difusión da música tradicional oral, a través desa forma tan singular e propia da nosa Comarca

## Restaurante As Garzas

Falar do bo comer e do bo servizo, é falar das Garzas. E o recoñecemento xeralizado vese agora reflexado cunha estrela Michelin

## José María Varela Martínez

O de José María Varela non é un nome descoñecido para ninguén en Bergantiños. Leva 28 anos traballando no mundo asociativo, fundamentalmente dende a asociación cultural Monte Branco, unha das máis dinámicas, innovadoras e emprendedoras de Galica. Pero tamén axudou a impulsar moitas outras entidades que enriquecen o mundo cultural da comarca. Como asesor cultural do Concello de Cabana de Bergantiños ten demostrado, ademais, que tamén nun concello pequeno e disperso pode achegarse a cultura a toda a poboación.

## José Manuel Verdía

Ciclista larachés, natural de Caión, compite no clube ciclista Bici O Com de Pontevedra. Ten un amplo palmarés, sendo entre outros, campión galego do Open BTT máster 30

# Ed 2009 Nominados Galego do ano

## **Bodega Condes de Alvarei**

---

Ademais da labor empresarial e de promoción de Galicia coa elaboración dun excelente viño albariño, hai que ter en conta o seu compromiso social coa adquisición do Pazo Baión, dando emprego e favorecendo a reinserción social de ex-drogodependentes.

## **Luz Casal**

---

María Luz Casal Paz (Boimorto, 11 de novembro de 1958), coñecida artisticamente como Luz Casal, é unha das solistas máis valoradas da música española. Logrou fama internacional, especialmente en Francia. As vendas dos seus discos ascenden a máis de 5.000.000 de exemplares.

## **Alfonso Castro Beiras**

---

Médico e xefe do servizo de cardioloxía do Hospital Universitario da Coruña. Entre moitos cargos vinculados á ciencia do corazón, é presidente da Sociedade Española de Cardioloxía, e autor de máis de 300 publicacións e libros en campos da epidemioloxía clínica, marcapasasos, etc.

## **Maria Castro Jato**

---

Nacida en Vigo un 30 de novembro de 1981, esta actriz galega, a pesar da súa xuventude, xa conta cun amplo palmares teatral, cinematográfico e, sobre todo, televisivo. Coñecida fundamentalmente polos seus papeis en "Pratos Combinados" e "Sin tetas no hay paraíso", é modelo, licenciada en ciencias da actividade física e o deporte, ademais de ter unha extensa formación en damza clásica e contemporánea.

## **Gadisa**

---

A campaña "Vivamos como galegos" de Supermercados Gadis recibiu un dos galardóns de maior prestixio profesional en España, os Premios a Eficacia da la Publicidad 2009. A Asociación Española de Anunciantes concediulle un Premio de Bronce a Eficacia en Comunicación Comercial.

## **Luis López Tosar**

---

Actor galego cunha ampla traxectoria no mundo do teatro, cine e televisión, neste momento é un dos grandes actores do cine español con proxección internacional. Ten acadados diversos galardóns entre os que cabe destacar o premio Goya como mellor actor de reparto en "Los lunes al sol", e ahí poucas datas como mellor actor pola súa participación en "Celda 211"

## **Rosalía Mera Goyenechea,**

---

nacida na Coruña, é unha das persoas máis ricas do mundo. Comenzou diseñando roupa de traballo na casa xunto ó seu ex marido, Amancio Ortega Gaona. Nestes momentos, Rosalía Mera controla ó 7 por cento de Inditex e ademais é unha das maiores accionistas de Zeltia. É presidenta da Fundación Paideia, unha organización sen animo de lucro dedicada ás persoas con minusvalías psíquicas. Dentro da súa actividade, tamén ten inversións en productoras cinematográficas.

## **Plataforma Queremos Galego**

---

Plataforma de asociacións e partidos políticos creada según a mesma para a defensa e mantemento do galego sen discriminación en toda a sociedade, e principalmente no ensino.